

MOSTRA
DE
COMIC
GALEGO
NA
CRUÑA
HOMENA
XE
A
CASTELAO

por que meios pode chegar a ser galego,
catalán ou cubán, algo tan heteroxéneo como é eso
que nos chamamos —pra nos entender— comic,
e que é tanto como historietas, tebeos, tiras?

pódese entroncar, dalgún xeito, este pendello
aparentemente novo do comic co resto
da nosa cultura?

haberá quen fale de xogos snob, underground,
artesanías pop, raigañas anglosaxonas.

outras olladas verán a sombra rediviva
do capitán trueno
rexurdir cunha nova pigmentación
e dirán: máis subliteratura.

nós non arelamos facer arte, polo menos
ó xeito en que éste é entendido agora e eiquí.

nós estamos na viñeta, e a palabra
énos tan necesaria
como a imaxe gráfica.

deste xeito arelamos chegar a ser coma novos cegos
de boa vista que canten na súa lingua
a un pobo os novos crimes e as novas ledicias da
terra, e polas nosas imaxes corren tanto o vello sangue
como o novo mensaxe dun longo abrente.

polos ollos e os ouvidos, todo pola comunicación
cas vivencias de galicia, hoxe, pra quen queira
que sinta que unha cultura non é somentes unha academia,
e menos pra un pobo que soupo
ser tal sen encherse de arquivos.
xosé díaz, roxo, reimundo patiño,
xaquín marín, luis esperante e xesús campos
mostran hoxe unha escolleita da súa obra actual
nesta leira do comic.

a mostra, itinerante, pasa por vilas e cidades de galicia,
chegando ó seu pobo e abrindo paso ó
seu natural canle de comunicación: a publicación.

neste senzo está a edición de asterix e obelix
en galego, traducido por blanco-amor, a de «2 viaxes»,
de marín e patiño, a edición en xenebra, por «roi xordo»
da «cova das choías», do grupo do castro, eiquí
representado hoxe.

X. BARRO
X. CAMPOS
L. ESTEBANIE
X. DIAZ
R. LAZARO
X. MARIN
R. PATIÑO
ROXO

DO 18 DE FEBREIRO AO
1 DE MARZAL DE 1975
ORGAIZADA POLA AGRUPACION
CULTURAL "O FACHO"

NA SAA DE ESPOSICIONS DA CASA
DA CULTURA

MARTES 25 FEBREIRO

CONFERENCIA DO DIBUXANTE

SIRO ENCOL DE «HUMOR GRAFICO,
CARICATURA E COMIC GALEGOS»

SABADO, 1 MARZAL

MESA REDONDA ENCOL

DO COMIC GALEGO, CON

XOSE BARRO, REIMUNDO PATIÑO,

XAQUIN MARIN, XESUS CAMPOS,

XOSE DIAZ E LUIS ESPERANTE

E PRESENTACION DO LIBRO

DE REIMUNDO PATIÑO E XAQUIN

MARIN «2 VIAXES».

